



Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 7 de setembro de 2017

Hora de comezo: 14.15 h

Hora de remate: 14:40 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral

AUSENTES:

Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Incorporación de remanente de crédito do ano 2016 ao presuposto do 2017**
- 3. Arquivo expediente de limpeza de montes en Agra – Loureda**
- 4. Bases convocatoria da 5º Edición do Concurso de Fotografía “Paixases de Boqueixón”**
- 5. Aprobación programa, convenio e cota do “Programa educativo de Ruth”**
- 6. Adxudicación do contrato do servizo de inspeccións eléctricas**
- 7. Dar conta de altas/baixas no SAF**
- 8. Aprobación asistencias pola participación no comité de expertas**
- 9. Licenzas urbanísticas**
- 10. Aprobación de facturas**
- 11. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

- 1.- Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 17 de agosto do 2017

2.- Incorporación de remanente de crédito do ano 2016 ao presuposto do 2017

De conformidade co establecido no artigo 182 da Lei reguladora das facendas locais e na BASE 12 das bases de execución do presuposto e á vista do informe da secretaria – interventora, procede efectuar a seguinte modificación presupostaria de incorporación de crédito, para o que existe recursos financeiros suficientes. Polo que a xunta de goberno acorda:

1.- Incorporar ás correspondentes partidas do presuposto deste ano 2017, os remanentes de crédito que a continuación se relacionan:

Cap./partida presupostaria	Denominación	Importe incorporado
1		
153.2.143.00	Proxecto 2016/3/Operarios de Servizos Múltiples	5.373,17 €
153.2.160.00	Proxecto 2016/3/Operarios de Servizos Múltiples	782,21 €
153.2.143.00	Proxecto 2016/3/Operarios de Servizos Múltiples	12.167,12 €
153.2.160.00	Proxecto 2016/3/Operarios de Servizos Múltiples	5.904,44 €
241. 143.00	Proxecto Orientadora Laboral	3.000,00 €
Total Capítulo 1		27.226,94 €
2		
151. 227.06	Estudio Técnico Gallego, S.A. – Asistencia técnico urbanística mes de decembro 2016	1.917,85 €
153.2.212.00	Montaxes Eléctricos Fernández,SL – Reposición de farol na travesía do Forte – ingreso realizado pola compañía Mapfre	838,90 €
162.3.212.00	Cogami – Recollida de residuos mes de decembro 2016	388,98 €
165. 221.00	CHC Energía Udesa pertencentes a diferentes puntos de alumado público	1.987,96 €
172.1.227.99	Eptisa SL – Control ambiental do vertedoiro de RSU de Vigo	1.996,50 €
231.212.00	Extinfer, SL – Revisión extintores Escola Infantil Municipal	215,38 €
231.221.05	María del Carmen Vázquez Fernández – Produtos alimentación Escola Infantil Municipal mes de decembro 2016	225,79 €
231.227.99	Matilde Calvo Suárez – Servizo terapia ocupacional mes de decembro 2016 – segundo contrato (299,25 €) Atendo Calidade, SL – Custo servizo libre concorrencia mes de decembro (1.675,56 €) Atendo Calidade, SL – Custo servizo dependencia mes de decembro (27.819,71 €) Consortio Galego – Achega económica municipal do servizo de Xantar na casa, terceiro trimestre ano 2016 (1.172,34 €)	30.966,86 €
241.221.05	Casa Castro de Lamas SC – Varios de alimentación para programa Deseñando o teu futuro	17,13 €
332.1.226.99	Casa Almarthi – Comidas – Agasallo concurso fotografía – Paisaxes de Boqueixón	100,00 €
334.223.00	Transportes Mosquera – Aluguer autobús para participantes I	425,00 €

	Descenso Colesterol (100,00 €) Transportes Mosquera – Aluguer autobús para traslado do CF Pontes Camporrapado e ós seus seguidores á Aguiño (325,00 €)	
334.226.09	Churros Camporrapado – Chocolate con churros para Cabalgata de Reis ano 2016 (597,00 €) Disprex, SL – Caramelos para a cabalgata de reis 2017 (194,70 €) Picadilly School of English, SL – Clases de inglés mes de decembro – segundo contrato (1.488,00 €) Infor-Byte – Curso de novas tecnoloxías e informática (1.276,50 €)	3.556,20 €
341.226.09	Electro Lestedo, SL – Balóns de fútbol, trofeo interparroquial e camisetas (608,17€) David Fernández Neira – Custo servizo actividades deportivas mes de decembro 2016 (1.517,34 €)	2.125,51 €
432.226.02	Lindeiros, SC – Cobertura informativa Lindeiros.gal do 7 de decembro 16 ó 7 de xaneiro do 17	363,00 €
912.226.01	Casa Castro de Lamas,SC – Varios de alimentación para xuntanza novos veciños de Lestedo	31,23 €
920.212.00	Ferretería Torres – Materiais varios para mantementos municipais (575,91 €) Sistemas de Seguridade A1, SL – Mantemento extintores en locais municipais ano 2016 (1.234,08 €) Darlim, SL – Fregonas para servizo de limpeza (28,96 €) Darlim, SL – Bolsas basura para servizo de limpeza (84,36 €)	1.923,31 €
920.213.00	Fornecementos Galegos – Custo copias en cor realizadas no ano 2016 + excesos do contratado en B/N (1.397,84 €) Talleres A Silveira – Reparación depósito Fiat Scudo – 5530 GZZ (36,30 €) Talleres A Silveira – Reparación Missan Terrano – 5771 DFF (272,59 €) Talleres A Silveira – Reparación remolque B-63376VE (181,50 €) Talleres A Silveira – Reparación ISUZU D-MAX 8646 JLN (24,20 €) Talleres A Silveira – Reparación Nissan Terrano – 5771 DFF (46,34 €) Comercial Sánchez y Torres, SC – Reparación maquinaria de parque e xardíns (163,17 €)	2.121,94 €
920.216.00	Compostela Digital SL – Mantemento informático mensual mes de decembro 2016	594,00 €
920.221.03	Gasóleos S. Benito SL – Gasolinas para maquinaria concello	131,22 €
920.222.00	Telefónica Móviles, SA – Conceptos fora da tarifa plana do 18/11/16 ó 17/12/16 (132,72 €) Telefónica España, SAU – Consumo telefónica fusión: fax + ads l+ móbiles do 18/11/16 ó 17/12/16 (455,44 €) Telefónica Móviles, SA – Conceptos fora da tarifa plano do 18/12/16 ó 17/01/17 (4,26 €) Telefónica España, SAU – Consumo telefónica factura agrupada teléfonos fixos do 01/12/16 ó 31/12/16 (596,38 €) Vodafone – Servizo mensared do 15/12/16 ó 14/01/17 (14,54 €)	1.203,34 €
920.222.01	Correos y Telégrafos, SA – Servizo de correos mes de	364,88 €

	decembro 2016	
920.227.99	La Rosaleda De La Coruña – Recollida dun can abandonado o día 9/12/16	151.25 €
920.230.20	Liquidación de gastos de Juan M. Corral Sánchez – traslados asistencia a xuntanzas temas municipais varios	65.33 €
Total Capítulo 2		51.711,56 €
4		
231.480.00	Fundación Amigos de Galicia – Convenio asinado con data 5 de febreiro de 2016	2.300,00 €
Total Capítulo 4		2.300,00 €
6		
153.2.600.02	PAS 2015. Cño Ramil a polideportivo. Presuposto municipal 2016	38.272,72 €
153.2.600.03	PAS 2015. Cño Ponteledesma, Igrexa Oural e outros. Presuposto municipal 2016	48.279,00 €
933.619.01	PAS 2015. Melloras campo de fútbol de O Forte e outro. Presuposto municipal 2016	8.109,94 €
933.625.00	Ricarsat, SL – Micrófonos e pes para a Casa de Cultura de Camporrapado (311,91 €) Alvaro, SLL – Instalación de estores na Casa de Cultura de Camporrapado (3.010,00 €)	3.321,91 €
933.619.00	PAS 2015. Melloras Campo de fútbol de O Forte e outro. Presuposto municipal 2016	33.635,99 €
Total Capítulo 6		131.619,56 €

2.- Dar conta deste acordo ao pleno da corporación na primeira sesión que celebre.

3.- Arquivo expediente de limpeza de montes en Agra – Loureda

Con data 09/05/2017 dona Victoria xxxxx presenta escrito denuncia solicitando a limpeza das parcelas sitas no núcleo de Agra (Loureda) con referencia catastral 000800NH44F0000WQ, 15012A502001180000WF, 15012A502003560000WB.

Con data 22 de xuño 2017 a xunta de goberno acorda rexeitar o requirimento en base ao informe técnico de data 20 de xuño 2017 que indicaba que a incipiente vexetación non constituía un problema de salubridade e/ou seguridade.

Con data 31 xullo 2017, dona Victoria xxxxx presenta recurso de reposición.

Con data 1 de agosto 2017 o coordinador de obras e servizos informa que as parcelas están adicadas a cultivo agrario (millo) e están libres de maleza.

Con data 9 agosto 2017, rexistro saída nº 790 comunícaselle á sra. xxxxx o citado informe.

Con data 30 agosto 2017, rexistro entrada nº 1861, recíbese no concello un escrito presentado por dona Victoria xxxxx no cal comunica que á vista de que as parcelas, na

actual data, están limpas de maleza nos seus lindeiros, renuncia ao recurso de reposición interposto contra o acordo da xunta de goberno local do concello de data 22 de xuño de 2017.

Á vista do cal, a xunta de goberno acorda:

1. Arquivar o expediente relativo ao recurso de reposición interposto por dona Victoria xxxxx contra o acordo da xunta de goberno de data 22 de xuño 2017, por extinción do obxecto do recurso ao terse efectuada a limpeza das parcelas obxecto do mesmo.
2. Comunicar este acordo ás partes interesadas.

4.- Bases convocatoria da 5ª Edición do Concurso de Fotografía “Paixases de Boqueixón”

O servizo de Arquivo e Biblioteca de Boqueixón, coa finalidade de fomentar a creatividade e dar a coñecer ao público en xeral a diversidade e riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do concello convoca a 5ª edición do Concurso de Fotografía “***Paixaxes de Boqueixón***”, polo que a Xunta de Goberno acorda:

1) Aprobar as seguintes BASES para este concurso que serán as seguintes:

1. Participantes e número de fotografías
Poderá participar no concurso toda persoa física que o desexe e cumpra as presentes bases. Cada participante poderá presentar ata un máximo de tres fotografías.
2. Temática
As fotografías versarán sobre aspectos que reflicten a riqueza histórica, cultural, etnográfica e paisaxística do noso concello, debendo estar tomadas, polo tanto, dentro do termo municipal de Boqueixón.
3. Premios
Entre as fotografías presentadas seleccionaranse doce, e destas, elixiranse as tres gañadoras do concurso. Os premios entregaranse en forma de vale a empregar en calquera establecemento de Boqueixón:
Primeiro premio: VALE DE 200 €
Segundo premio: VALE DE 100 €
Terceiro premio: VALE DE 50 €

As doce fotografías seleccionadas pasarán a ser propiedade do concello de Boqueixón, que se reservará todos os dereitos para o seu emprego, reprodución, e difusión, facendo mención da súa autoría. Estas obras serán publicadas no **calendario do 2018** que edita o concello.

4. Inscripción e participación
 1. A inscrición será online en www.boqueixon.com; cada participante deberá cumprimentar e asinar a **folla de inscrición** e enviar as fotografías en formato **.JPG** nun arquivo que leve o nome do título da fotografía, cunha resolución mínima de 2000x1500 px.
 2. O autor/-a das fotografías asume calquera responsabilidade derivada da aparición de persoas recoñecibles na mesma.
 3. O prazo de presentación dos traballos remata o **3 de novembro de 2017**.
 4. A organización presupón que os/-as participantes que inscriben as obras presentadas posúen os dereitos das mesmas. En calquera caso, a organización exímese de calquera responsabilidade derivada da infracción desta base.
 5. Todas as fotografías que tomen parte neste concurso serán susceptibles de ser empregadas na promoción turística do concello de Boqueixón e pasarán a formar parte do seu arquivo fotográfico.
5. Xurado, fallo e entrega de premios

Un xurado determinado polo concello de Boqueixón revisará as fotografías e fará público o seu fallo o día **16 de novembro**, a través do taboleiro de anuncios do concello, en www.boqueixon.com e individualmente aos doce autores/-as seleccionados e aos tres premiados/-as. Este fallo será inapelable.

Os premios recolleranse na casa do concello na última semana do mes de novembro.

6. Aceptación das bases

A organización reservase a facultade de resolver calquera continxencia non prevista nas bases. A concorrencia a este concurso implica a aceptación das presentes bases.

Máis información no Servizo de Arquivo e Biblioteca de Boqueixón

(Teléfono: 981.513.061)

2) Dispoñer dos fondos necesarios (350€) para facer fronte ás obrigas económicas derivadas deste concurso.



FOLLA DE INSCRIPCIÓN NO V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA
“Paisaxes de Boqueixón”

- NOME E APELIDOS:
- DNI:
- ENDEREZO:
- LOCALIDADE:
- TELÉFONO:
- CORREO ELECTRÓNICO:

*** FOTOGRAFÍA Nº 1**

- TÍTULO:
- UBICACIÓN XEOGRÁFICA:

*** FOTOGRAFÍA Nº 2**

- TÍTULO:
- UBICACIÓN XEOGRÁFICA:

*** FOTOGRAFÍA Nº 3**

- TÍTULO:
- UBICACIÓN XEOGRÁFICA:

5.- Aprobación programa, convenio e cota do “Programa educativo de Ruth”

Co obxecto de que no mes de setembro se firme un novo convenio de coordinación con Ruth Gómez Vázquez do “programa educativo de Ruth” para o curso escolar 2017-2018.

A Xunta de Goberno, acorda:

1. Aprobar o convenio con Ruth Gómez Vázquez.
2. Aprobar o programa Apoio educativo de Ruth e a cuota mensual dos participantes.
3. Aprobar a dedución do 25 % do importe mensual para o segundo fillo, 50% para o terceiro e de balde do cuarto ou máis que participe neste programa.

4. Comunicar este acordo ao departamento de Tesourería-Intervención para que proceda ó seu aboamento con cargo á subvención

PROGRAMA APOIO EDUCATIVO CON RUTH

1.- XUSTIFICACIÓN

Dende o Concello de Boqueixón e en especial dende Servizos Sociais obsérvase que existen bastantes diagnósticos en menores, derivados de dificultades de aprendizaxe e/ou trastornos infantís que complican a adquisición de coñecementos e habilidades socioeducativas. Aínda que nos centros escolares establécense medidas educativas ordinarias dirixidas á totalidade do alumnado estas non son suficientes debido ás necesidades educativas específicas e á necesidade de atención personalizada.

Por isto xurde o programa de Apoio Educativo complementario o de Educación familiar e coordinado por unha profesional experta na materia da Educación Especial. Firmárase un convenio no mes de setembro 2017 entre o Concello e Ruth Gómez coa finalidade de detectar posibles casos de trastornos de aprendizaxe tanto na educación primaria como en infantil e ofrecer posibles pautas educativas a aplicar para o curso escolar 2017-2018.

As accións que se levan a cabo con alumnos con dificultades de aprendizaxe, deben ter unha continuidade no contexto familiar. Por exemplo, a autonomía é un rasgo que afecta de maneira global á persoa; ter unha actitude autónoma ante as actividades cotidianas, a organización do estudo, o desenvolvemento no entorno escolar e social.... pode repercutir moi positivamente no rendemento escolar e no proceso madurativo dos menores.

2.- OBXECTIVOS

- Detectar posibles trastornos de aprendizaxe en menores
- Proporcionar un asesoramento e apoio ós pais tras unha observación dos nenos e das nenas
- Mellorar as súas capacidades de comprensión e aprendizaxe traballando os aspectos que dificultan a adquisición de habilidades
- Que os alumnos que se deriven ao programa logren alcanzar o nivel curricular do seu grupo de referencia, de forma que poidan progresar con normalidade no seu desenvolvemento madurativo.

3.-BENEFICIARIOS/AS

Poderán participar nenos e nenas de infantil e primaria que posúan un diagnóstico médico definido ou menores sen diagnóstico que presenten dificultades xeneralizadas na adquisición e consolidación dos aprendizaxes básicos referidos dos centros escolares ou da propia familia.

Este programa daralle prioridade ás solicitudes de familias empadroadas no concello, usuarias de Servizos Sociais, ingresos iguais ou inferiores ao IPREM, discapacidade, familias monoparentais ou calquera outro indicador valorable por este Departamento. Os destinatarios do apoio educativo son alumnos con trastornos de aprendizaxe, especialmente nas áreas instrumentais básicas que requiren medidas educativas ordinarias de atención á súa diversidade.

O número total de participantes non será superior a 10.

4.-REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

- Estar diagnosticado con algunha dificultade/trastorno de aprendizaxe ou ser derivado polos centros escolares
- Menores sen diagnóstico definido pero con dificultades na comprensión, lectoescritura tardía, atención e concentración... e/ou sen resultados con outros recursos (mestres de reforzo, AL, PT...)

5.-RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Humanos

Ruth como profesora de educación especial e doutora en pedagogía terapéutica coordina a actividade e 43 anos de experiencia, contará cun profesional en pedagogía.

Materiais

- Material funxible
- Unha carpeta para que reúna os seus traballos realizados en cada sesión.
- Materiais de estimulación cognitiva e educativos propostos e traídos polo equipo do Apoio educativo
- Actividades específicas dos menores

6.-LOCALIZACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Este programa comezará no mes de outubro do 2017 e rematará en xuño do ano 2018.

As intervencións realizaranse en dous grupos no colexio de Primaria do CPI Antonio Orza Couto

A duración de cada menor no programa será valorada pola profesional, polo que algún neno participará ,segundo a necesidade, todo o curso escolar e noutros casos pode ser unha intervención máis puntual.

As sesións serán dúas veces por semana (martes e xoves) de dúas horas de duración (16,15 a 18,15). ou en períodos puntuais de observación/valoración para casos específicos.

7.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO

Recibirase a solicitude de participación do programa e valoración da situación do menor no departamento de Servizos Sociais co obxecto de decidir se reúne os requisitos para participar no programa; requirirase documentación (informes médicos ou psicoeducativos dos centros escolares) se é o caso.

No caso de existir máis solicitudes que prazas os criterios valorables serán:

7.1.-ORIXE DA SOLICITUDE

- Familias empadroadas: **5 puntos**
- Familias non empadroadas: **1 punto**
- Familias con expediente en servizos sociais ou derivados polo Servizo de Menores: **5 puntos**
- familias derivadas dun Centro escolar ou a petición da familia: **1 punto**

7.2.-SITUACIÓN ECONÓMICA (descontables aluguer vivenda ou hipoteca)

- Rendas de ingresos totais da unidade familiar iguais ou inferiores ao IPREM: **5 puntos**
- Rendas superiores ao IPREM: **1 punto**

7.3.- DISCAPACIDADE:

- Recoñecemento do grao de discapacidade do menor suxeito de apoio: **5 puntos**
- Non discapacidade: **1 punto**

7.4.-SITUACIÓNS FAMILIARES ESPECÍFICAS

- Familias monoparentais, acollemento familiar: 5 puntos
- Resto familias: 1 punto

No caso de empate terá prioridade a solicitude que se presentara antes.

8.- CUSTO DO PROGRAMA

O programa será financiado polas propias familias e polo Concello.

A cantidade establecida será de **25 €/mensuais** por neno con dereito a dúas sesións á semana. O cargo realízase dende o Concello na conta que faciliten os participantes entre o 1 e 5 de cada mes. Os pagos estarán suxeitos á ordenanza municipal onde se regulan os prezos públicos por actividades promovidos polo concello de Boqueixón). Existirá unha dedución do 25% do importe da actividade para o segundo fillo, do 50% para o terceiro fillo e de balde para o cuarto ou máis que participe no programa

DETALLE DO CUSTO DO PROGRAMA

PROFESORA EN EDUCACIÓN ESPECIAL	0 €
PEDAGOGO (participación no programa e gasto kilometraje)	200€+45,60€/mes x 9 meses
MATERIAL INICIAL (LÁPICES,GOMAS,CARPETAS)	15 €
ACTIVIDADE FINAL DE CURSO	100 €
GASTO TOTAL	2.325,40 €

9.- EXENCIÓN NO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE

Establecerase unha exención no prezo público para aquelas familias en que así sexa valorado tecnicamente a través do Departamento de Servizos Sociais co fin de evitar que a falta de ingresos económicos constituía un obstáculo de cara á participación neste programa.

PERSOAS BENEFICIARIAS

- Unidades familiares coas que se estea a intervir dende o Departamento de Servizos Sociais de forma activa e nas que se valore, por parte do persoal técnico, que polo súa situación económica ou familiar sexa necesaria a dita bonificación para o acceso á actividade.
- Unidades familiares que, non sendo obxecto de intervención por parte dos Servizos Sociais, presenten unha situación económica igual á necesaria para o acceso a unha prestación económica de emerxencia social.

10.-SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PROGRAMA

Existirá un seguimento por parte da educadora familiar do departamento de Servizos Sociais durante todo o curso escolar, valorando o desenvolvemento integral dos menores,

en especial actitudes, comportamentos, rendemento escolar.... Existirá unha coordinación tamén cos centros educativos dos participantes.

Realizarase un informe socieducativo de cada menor onde se recollan as súas características xustificativas e motivos da intervención. Existirá unha coordinación semanal con Ruth sobre os avances dos participantes.

No mes de setembro fixarase unha reunión cos centros educativos para informar da continuidade do programa e elaborar unha avaliación inicial.

No mes de xuño do ano 2018 realizarase unha avaliación final do programa.

Boqueixón, setembro 2017

A Educadora familiar

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE RUTH GÓMEZ VÁZQUEZ E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN

En Boqueixón, setembro de 2017

Dende o curso escolar 2015-2016 lévase a cabo o “Programa educativo de Ruth” traballando con menores de educación infantil e primaria. Os resultados acadados polos participantes durante estes dous cursos foron moi positivos a nivel socioeducativo polo que se valora positivamente a continuidade desta actividade para o curso 2017-2018. O programa seguirá coordinado con Ruth Gómez Vázquez, mestra de educación especial e doutora en Pedagogía terapéutica e contará cun profesional do campo da pedagogía para desenvolver a actividade.

REUNIDOS

Dunha parte, D^a Ruth Gómez Vázquez, mestra de educación infantil e doutora en pedagogía terapéutica

Doutra, D. Manuel Fernández Munín, alcalde do Concello de Boqueixón

Ambas partes recoñécense con capacidade suficiente para establecer e asinar este convenio de colaboración e

EXPOÑEN

1.- Que Servizos Sociais ofrecerá unha continuidade do programa de Apoio educativo para o curso 2017-2018, os martes e xoves de 16,15 a 18,15 horas nas instalacións do colexio de primaria Antonio Orza Couto. Comezará en outubro de 2017 ata xuño do 2018. No mes de setembro realizarase unha avaliación inicial con reunión cos proxenitores dos menores solicitantes e cos centros educativos.

2.-Que o programa está coordinado por Ruth Gómez Vázquez cunha carreira de 43 anos traballando con nen@s con dificultades de aprendizaxe. Colaborará un profesional da pedagogía específico na educación especial. A educadora familiar levará o seguimento do programa.

3.- Que o obxectivo deste programa é detectar posibles trastornos de aprendizaxe dos menores, proporcionar un asesoramento e apoio aos pais tras unha observación dos nenos e

das nenas, mellorar as súas capacidades de comprensión e aprendizaxe traballando os aspectos que dificultan a adquisición de habilidades ademais de entrenar a estes nen@s nas habilidades socioeducativas que carecen. É complementario ao programa de educación familiar.

Dada a confluencia de intereses por ambas partes, establecen o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

1.- Ruth Gómez Vázquez comprométese a levar a cabo o programa Apoio educativo xunto cun pedagogo/a. A duración será de outubro de 2017 a xuño 2018. Segundo a demanda das solicitudes valorarase a incorporación doutro profesional se é necesario.

2.-. Poderán participar nenos e nenas de infantil e primaria que posúan un diagnóstico médico definido ou menores sen diagnóstico que presenten dificultades xeneralizadas na adquisición e consolidación dos aprendizaxes básicos referidos dos centros escolares ou da propia familia. Este programa daralle prioridade ás solicitudes de familias empadroadas neste concello, usuarias de Servizos Sociais, ingresos iguais ou inferiores ao IPREM, discapacidade, familias monoparentais, ou calquera outro indicador valorable por este Departamento. Os destinatarios do apoio educativo son alumnos con trastornos de aprendizaxe, especialmente nas áreas instrumentais básicas que requiren medidas educativas ordinarias de atención á súa diversidade.

3.- O gasto do programa será o seguinte

PROFESORA EN EDUCACIÓN ESPECIAL :RUTH	0 €
PEDAGOGO/A (participación no programa e gasto kilometraje)	200€+45,60€/mes x 9 meses
MATERIAL INICIAL (LÁPICES,GOMAS,CARPETAS)	15 €
GASTO MENSUAL	245,60 €
ACTIVIDADE FINAL CURSO	100 €
GASTO TOTAL	2.325,40 €

4.- Este gasto será financiado polos propios participantes, cunha cota de **25 €/mensuais** por solicitude e outra parte polo Concello. Existirá unha dedución do 25% para o segundo fillo, 50% para o terceiro e de balde para o cuarto ou máis que participe no programa.

De conformidade con canto antecede ambas partes asinan por duplicado este convenio no lugar e data do encabezamento

A Coordinadora do programa

Por parte do Concello de Boqueixón

O Alcalde

Ruth Gómez Vázquez

Manuel Fernández Munin

6.- Adxudicación do contrato do servizo de inspeccións eléctricas

Na Xunta de Goberno do día 20 de xullo, iniciouse a contratación do servizo para a inspección das instalacións eléctricas que se relacionaban no listado aprobado para o efecto.

Tal e como se establece na correspondente Orde, as inspeccións serán realizadas cada 5 anos, salvo as instalacións comúns de edificios de vivendas de potencia superior a 100 Kw que se realizarán cada 10 anos.

O importe máximo do contrato é de 14.505,00 euros, polo que se trata dun contrato menor. As empresas invitadas ó concurso foron:

Eurocontrol, SA
I2C Inspecciones, SL
OCA ICP
Atisae

Dentro do prazo dos 8 días hábiles concedidos ás empresas invitadas para que concursasen na adxudicación do contrato, presentan todas elas as súas propostas que a continuación se relacionan:

Eurocontrol, SA, presenta unha oferta por importe de 10.147,00 euros (IVE excluído). A segunda visita, no caso de que se dera, está incluída no prezo. Tamén inclúen as taxas de industria.

I2C Inspecciones, SL presenta unha oferta por importe de 10.787,15 euros (IVE excluído). Dentro deste prezo inclúese a 2ª visita, se fose necesaria.

OCA ICP, presenta unha oferta por importe de 9.540 euros (IVE excluído). No caso de que se dera unha 2ª visita o prezo sería, a maiores, 4.770 euros (IVE excluído). Polo que o prezo total sería de 14.310,00 euros, sen IVE.

Atisae, presenta unha oferta por importe de 10.450,00 euros (IVE excluído) incluída segunda visita.

Polo tanto, á vista dos datos expostos, a Xunta de Goberno acorda:

Adxudicar o contrato de servizo para a inspección das instalacións de baixa e alta tensión á empresa Eurocontrol,SA por importe de 10.147,00 euros (IVE excluído), ó ser a oferta máis vantaxosa. A segunda visita, no caso de darse, está incluída no prezo. Tamén se inclúen as taxas de industria.

Comunicar á empresa adxudicataria que debe presentar os xustificantes de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Comunicar este acordo ás empresas licitadoras

7.- Dar conta de altas/baixas no SAF

Dáse conta das altas/baixas no SAF

8.- Aprobación asistencias pola participación no comité de expertas

A xunta de goberno celebrada o 22 de xuño de 2017 acordou nomear o comité de expertas para a valoración da documentación incluída nos sobres B de Referencias Técnicas, do concurso para a adxudicación do servizo de axuda no fogar.

O día 21 de agosto, emiten o correspondente informe coas puntuacións outorgadas ás empresas. Así mesmo, con data 4 setembro 2017 rexistro entrada nº 1916 recíbese a liquidación dos gastos presentada por dona Berta xxxxx , con data 5 de setembro rexistro

entrada nº1936 recíbese a liquidación de dona M^a América xxxxx e con data 5 de setembro rexistro entrada 1937 recíbese a liquidación de gastos de dona Ana xxxxx .

No Real decreto 462/2002, de 24 de maio, establécense as indemnizacións por razón de servizo. No anexo IV especifícanse os importes que neste caso serían os correspondentes á categoría segunda como vogais por importe de 39,78 euros/sesión.

Segundo as liquidacións de cada unha das expertas, serían 4 xuntanzas realizadas a razón de 39,78 euros/cada unha, o que daría un total de 159,12 euros.

Aparte, estaría o custo de desprazamento que será aboado a razón de 0.19 €/km.

Polo tanto os importes desagregados dos custos, tendo en conta as liquidacións presentadas polas interesadas, serían os seguintes:

Berta xxxxx

Xuntanzas: 4 x 39,78: 159,12

Kilometraxe: (desde Arcade) 595 x 0,19: 113,05

Total: 272,17 euros

M^a América xxxxx

Xuntanzas: 4 x 39,78: 159,12

Kilometraxe: (desde As Pontes) 976 x 0,19: 185,44

Peaxe: 13,60 x 4: 54,40

Total: 398,96 euros

Ana xxxxx

Xuntanzas: 4 x 39,78: 159,12

Kilometraxe: (desde Santiago) 120 x 0,19: 22,80

Total: 181,92 euros

Polo tanto, a xunta de goberno acorda:

1. Aprobar as seguintes cantidades, que corresponden ás indemnizacións que se deben aboar ás compoñentes do comité de expertas, que fixeron as valoracións da documentación técnica do concurso do servizo de axuda no fogar que este concello está licitando:

C. de Expertas	Xuntanzas	Kilometraxe + Peaxe	Totais
Berta xxxxx	159,12	113,05	272,17
M ^o América xxxxx	159,12	239,84	398,96
Ana xxxxx	159,12	22,80	181,92
		Total	853,05

2. Comunicar a Intervención este acordo para que se fagan os correspondentes pagamentos.

9.- Licenzas urbanísticas

a) “Ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro (Gastrar – Boqueixón)”

Expte: 2017/1088

Promotor: FINCA MIDÓN, S.C.

Antecedentes:

Con data do 26/05/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/1088, por FINCA MIDÓN, S.C., con CIF núm. xxxxxx , preséntase un proxecto técnico de “*ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro (Gastrar – Boqueixón)*”, sita no lugar de Gastrar, na parroquia de Gastrar, e asinado polo enxeñeiro técnico agrícola, D. Juan M. Hermida Vázquez, colexiado nº: 876.

Con data do 22/06/2017, con rexistro de entrada nº.: 2017/1342, o promotor achega unha nova documentación complementaria, para incorporar ao expediente de referencia.

Con data do 29/06/2017, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un **informe técnico**, con relación á documentación achegada, mediante o cal se lle debe requirir ao promotor mais documentación administrativa, e as modificacións técnicas que no dito informe se indican.

Con data do 30/06/2017, con rexistro de saída nº.: 2017/0629, de data do 03/07/2017, ponse en coñecemento do promotor, unha copia orixinal do informe técnico, para que presente a documentación administrativa, e as modificación técnicas, que no dito informe se indican.

Con data do 24/08/2017, con rexistro de entrada nº.: 2017/1832, o promotor do expediente achega unha nova documentación, en base ao informe técnico de data do 29/06/2017.

Con data do 31 de agosto de 2017, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

- 1. No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada. A día de hoxe non se achegou o ditame de incidencia ambiental. En todo caso, serán de obrigado cumprimento as condicións establecidas no mesmo.*
- 2. Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*

Con data do 28 de agosto de 2017, polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, emítese a **Resolución** de formular a *declaración de incidencia ambiental favorable*, para a realización da actividade de **EXPLOTACIÓN DE GANDO VACÚN DE LEITE**, a nome de FINCA MIDÓN SC.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras, de data do 26 de maio de 2017*
- *O xustificante do pago das taxas municipais, por importe de 871,20 (27/06/2017)*
- *O Proxecto Técnico, básico e de execución, visado (nº: 20170255 do 08/05/2017)*
- *O Anexo I, ao Proxecto Técnico visado (nº: 20170255 do 07/06/2017)*

- *A Resolución da Xunta de Galicia, de recoñecemento de edificacións destinadas a actividades agrarias, de data do 23/07/2007*
- *O Anexo II, ao Proxecto Técnico visado (nº: 20170255 do 11/08/2017*
- *A escritura de propiedade da finca*
- *A cesión municipal de 134 m² (da parcela catastral nº.: 15012B515000300000LQ)*
- *A Resolución (28/08/2017), do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se formula a declaración de incidencia ambiental favorable*
- *O informe técnico favorable, de data do 31 de agosto de 2017*

Con data do 6 de setembro de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Unha vez o expediente completo, na Xunta de Goberno Local, de data do 7 de setembro de 2017, apróbase o seguinte **ACORDO**:

Primeiro:

CONCEDER, a **Licenza Municipal de Obras**, a FINCA MIDÓN, S.C., para as seguintes actuacións:

- ***Ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro***

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a).- Condicións particulares da licenza:

01. Expte: 2017/1088
02. Promotor do expediente: *FINCA MIDÓN, S.C.*
03. C.I.F. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: *Solo de Núcleo Rural común*
05. Tipo de Obras: *Ampliación de explotación existente de gando vacún leiteiro*
06. Situación e emprazamento: *Gastrar - Gastrar*
07. Referencia catastral da parcela: *15012B515000300000LQ*
08. Superficie parcela do proxecto: *4.682 m² (mínima permitida 600 m²)*
09. Ocupación: *36,17 % (máxima permitida 66,66 %)*
10. Altura: *4,00 metros (máxima permitida 7,00 metros)*
11. Taxa pola solicitude da licenza de obras: *871,20 € (abonada con data do 27/06/2017)*
12. Orzamento de execución material das obras: *81223,61 €*
13. Liquidación do imposto de construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.): *1543,25 €*
14. Técnico autor do proxecto: *Juan M. Hermida Vázquez. Enxeñeiro Técnico Agrícola, col nº: 876*
15. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: *6 MESES (desde o día seguinte a notificación desta licenza)*
 - Para terminar as obras: *3 ANOS (desde o día seguinte a notificación desta licenza)*

b.-) Condicións especiais desta licenza:

01. As obras a executar, deberán adaptarse as recollidas e autorizadas no expediente de referencia, e que serviron de base para a tramitación do mesmo. Calquera outra actuación

que se vaia a realizar, non incluída no expediente, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou por comunicación previa, segundo o caso.

02. Antes do inicio das obras, achegaranse os oficios de dirección de obra, de dirección de execución, e de coordinación de seguridade e saúde.

03. As **condicións** establecidas na RESOLUCIÓN do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pola que se formula a declaración de incidencia ambiental deste expediente, con data do 28/08/2017, **SON DE OBRIGADO CUMPRIMENTO**

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (I.C.I.O.), por importe de 1543,25 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación do ICIO:

A liquidación, por importe de **1543,25 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

b)“Obras provisionais en zona de almacenaxe de nave existente”

Expte: 2017/1528

Promotor : SANTOS Cociña e Baño, S.L.

Antecedentes:

Con data do 13/07/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/1528, por SANTOS Cociña e Baño, S.L., con CIF nº: xxxxx , preséntase un proxecto técnico de “*Obras provisionais en zona de almacenaxe de nave existente*”, sita no lugar de Camporrapado, na parroquia de Oural, e asinado polo arquitecto, D. David Fernández Nogueira, colexiado nº: 3773.

Con data do 20/07/2017, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un informe técnico favorable condicional, con relación á documentación achegada, mediante o cal se lle debe requirir ao promotor mais documentación administrativa, segundo no dito informe se indica.

Con data do 24/07/2017, con rexistro de entrada nº: 2017/1612, o promotor do expediente achega unha nova documentación, en base ao informe técnico de data do 20/07/2017.

Con data do 27/07/2017, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

1. *No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada, tendo en conta a súa consideración como OBRAS PROVISIONAIS.*
2. *Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*
3. *Unha vez se rematen as obras, presentárase o certificado final de obra, e comunicárase o inicio da actividade, conforme o artigo 21 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.*

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- *A solicitude da licenza municipal de obras, de data do 13 de xullo de 2017*
- *O Proxecto Técnico, básico e de execución, visado (nº: 1704206.2 do 12/07/2017)*
- *O oficio de dirección de obras, a nome de D. David Fernández Nogueira (Arquitecto; colexiado nº.: 3773)*
- *O oficio de dirección de execución de obras, a nome de Doña María Ángeles Cayazzo Rodríguez (arquitecto técnico; colexiado nº.: 2495)*
- *O oficio de coordinación de seguridade e saúde, a nome de Doña María Ángeles Cayazzo Rodríguez (arquitecto técnico; colexiado nº.: 2495)*
- *O informe técnico favorable, de data do 27 de xullo de 2017*

Con data do 6 de setembro de 2017, emítese o informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Unha vez o expediente completo, na Xunta de Goberno Local, de data do 7 de setembro de 2017, apróbase o seguinte **ACORDO**:

Primeiro:

CONCEDER, a **Licenza Municipal de Obras**, a SANTOS Cociña e Baño, S.L., para as seguintes actuacións:

- ***Obras provisionais en zona de almacenaxe de nave existente***

Esta licenza concédese salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a).- Condicións particulares da licenza:

01. Expte: 2017/1528
02. Data do expediente: 13/07/2017
03. Promotor do expediente: SANTOS Cociña e Baño, S.L.
04. C.I.F. do promotor: xxxxx
05. Clasificación urbanística: Solo Urbanizable (SUD-I3)
06. Tipo de Obras: *Obras provisionais en zona de almacenaxe de nave existente*
07. Situación e emprazamento: *Camporrapado - Oural*
08. Referencia catastral da parcela: 1892701NH5319S0001DW

09. Superficie útil: 1061,00 m²
10. Superficie construída: 1098,00 m²
11. Volume: 5378,80 m³
12. Taxa pola solicitude da licenza de obras: 61,62 €
13. Orzamento de execución material das obras: 72000,00 €
14. Liquidación do imposto de construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.): 1368,00 €
15. Técnico autor do proxecto: *David Fernández Nogueira. Arquitecto, col nº: 3773*
16. Prazos de execución:

- Para comezar as obras: 6 MESES (desde o día seguinte a notificación desta licenza)
- Para terminar as obras: 3 ANOS (desde o día seguinte a notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais desta licenza:

01. As obras a executar, deberanse adaptar as recollidas e autorizadas no expediente de referencia, e que serviron de base para a tramitación do mesmo. Calquera outra actuación que se vaia a realizar, non incluída no expediente, precisará de nova autorización administrativa, ben sexa mediante licenza de obras, ou por comunicación previa, segundo o caso.
02. A autorización do Concello farase constar no Rexistro da Propiedade.
03. Unha vez se rematen as obras, presentarase o certificado final de obra, e comunicarase o inicio da actividade, conforme o artigo 21 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais da TAXA e do I.C.I.O., por importe de 61,62 € e 1368,00 € respectivamente, para unha liquidación total de 1429,62 €, **e que xa foron abonados con data do 13 de xullo de 2017.**

Terceiro:

Notificar este acordo ó interesado

c)“Instalación de paneis fotovoltaicos na cuberta dunha nave industrial existente”

Expte : 2017/1581

Promotor : SANTOS Cociña e Baño, S.L.

Antecedentes:

Con data do 20/07/2017, con rexistro de entrada nº.: 2017/1581, por SANTOS Cociña e Baño, S.L., con CIF nº.: xxxxx , preséntase un proxecto técnico de “*Instalación de paneis fotovoltaicos na cuberta dunha nave industrial existente*, sita no lugar de Camporrapado, na parroquia de Oural, e asinado polo enxeñeiro de minas, D. David Rodríguez Besada, colexiado nº.: 3773 COIMNE.

Con data do 27/07/2017, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un informe técnico favorable condicional, con relación á

documentación achegada, mediante o cal se lle debe requirir ao promotor mais documentación administrativa e técnica, segundo no dito informe se indica.

Con data do 02/08/2017, con rexistro de entrada nº.: 2017/1674, o promotor do expediente achega unha nova documentación, en formato dixital, en base ao informe técnico de data do 27/07/2017.

Con data do 04/08/2017, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese un novo informe técnico, con relación á nova documentación achegada, mediante o cal se lle debe requirir ao promotor mais documentación administrativa e técnica, segundo no dito informe se indica.

Con data do 11/08/2017, con rexistro de entrada nº.: 2017/1769, de data do 14/08/2017, o promotor do expediente achega un novo proxecto técnico refundido (en formato dixital é, en formato papel), en base ao informe técnico de data do 04/08/2017.

Con data do 01/09/2017, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o **informe técnico favorable**, e que literalmente di:

- 1. No que corresponde á normativa urbanística municipal, considérase favorable a solicitude para a realización dos traballos expostos na documentación presentada.*
- 2. Antes do inicio das obras, deberase achegar o proxecto refundido, debidamente visado.*
- 3. Segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal de obras, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.*

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras, de data do 20 de xullo de 2017*
- O Proxecto Técnico inicial visado (inscrito no folio 046, asento 024, do 19/07/2017)*
- Os informes técnicos de datas 27/07/20147 e 04/08/2017 (favorables condicionais)*
- O proxecto refundido en formato dixital, presentado o 02/08/2017*
